



XUNTA DE GALICIA

MEMORIA

GRUPO DE TRABAJO

02506200.

(PFPP-O253102)



P.F.P.P.

Plan de
Formación
Permanente do
Porfesorado

CURSO 2025/2026



CEIP Manuel Sueiro

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

ÍNDICE

1. Características do contexto no que se desenvolveu o seminario.
2. Variacións introducidas respecto do proxecto inicial
3. Consecución dos obxectivos
 - a. Obxectivos propostos
 - b. Obxectivos acadados
4. Contidos desenvolvidos e actividades realizadas
 - a. Contidos desenvolvidos
 - b. Actividades realizadas
5. Metodoloxía
6. Organización dos recursos humanos e materiais.
7. Temporalización
8. Criterios e procesos de avaliación empregados
 - a. Avaliación conxunta.
 - b. Avaliación individualizada.
9. Conclusións logros e incidencias no centro.
10. Relación detallada de materiais didácticos e documentos que se entregan

1. CARACTERÍSTICAS NO QUE SE DESENVOLVEU O SEMANARIO.

No curso académico 2025/2026, no CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro, realizamos o Grupo de traballo "Deseñando con Polos creativos" para coñecer e saber empregar os materiais de Polos creativos co fin de implementalos adecuadamente nas aulas.

Dado o interese da temática, neste Grupo de traballo participaron dezaseis docentes, mestres de todos os niveis do centro e a coordinadora de Polos.

O Grupo de traballo comezou a súa actividade o 20/11/2025 rematando o 24/02/2026. Ao longo dos meses todos os compoñentes do grupo participamos nas reunións propostas e seguimos a temporalización inicial do proxecto.

No desenvolvemento das sesións, traballábamnos sobre a orde do día prevista e ao remate de cada unha delas, propúñanse tarefas para preparar a seguinte sesión.

A posta en práctica deste proxecto tivo como finalidade acreditar unha competencia dixital dentro do claustro, crear recursos dixitais creativos para levar a cabo na práctica docente, elaborar un banco de recursos propios na aula virtual do centro para consulta e utilización de todo o claustro, implicando nesta dinamización a todos os sectores educativos, mellorando a calidade educativa.

2. VARIACIONES INTRODUCIDAS CON RESPECTO DO PROXECTO INICIAL.

Non houbo variacións introducidas respecto ao proxecto inicial, cumprindo a temporalización establecida.

3. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.

Con respecto aos obxectivos que nos propuxemos inicialmente, sentímonos satisfeitos, e con ánimos para continuar con proxecto de formación no vindeiro curso.

3.1. OBXECTIVOS PROPOSTOS

- Acreditar unha competencia dixital dentro do claustro.
- Crear recursos dixitais creativos para levar a cabo na práctica docente,
- Elaborar un banco de recursos propios na aula virtual do centro para consulta e utilización de todo o claustro.

3.2. OBXECTIVOS ACADADOS

Todos os obxectivos propostos foron acadados. As expectativas iniciais sobre o proxecto Polos Creativos e o seu entorno virtual de aprendizaxe cubriron as nosas expectativas.

3.3. OBXECTIVOS NON ACADADOS

Incidir en que se precisa continuidade nesta formación para afianzar os coñecementos adquiridos e formarse de cara ao vindeiro ano no uso da impresora 3D e da cortadora láser.

4. CONTIDOS REALIZADOS E ACTIVIDADES DESENVOLTAŞ.

4.1. CONTIDOS

- Principios de impresión 3D e corte láser.
- Fluxo de traballo, seguridade e selección de materias.
- Dese práctico: modelado 3D.
- Prototipaxe de recursos innovadores combinando ambas tecnoloxías.

4.2. ACTIVIDADES

• **A primeira actividade tratou sobre a cortadora láser.** Como crear deseños e patróns vectoriais adaptables ás diferentes materias. Software de deseño: creación de figuras e gravados básicos. Uso da maquinaria para facer funcionais pezas decorativas ou ferramentas educativas elaboradas con madeira e acrílicos. Tras a formación impartida polo ponente de polos, implementouse nas aulas Educación Primaria o aprendido realizando os disfraces de Entroido.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelsueiro/node/3131>

• **A segunda actividade versou sobre a impresión 3D** mediante o uso de software de modelado e laminadores específicos. Deseño, configuración e fabricación de obxectos tridimensionais coa aplicación Tinkercad e o manexo da impresora do centro. Tras a formación do ponente, o profesorado do centro realizou unha colección de figuras conmemorativas para o día da muller empregando o aprendido.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelsueiro/node/3145>

5. METODOLOXÍA.

- Desenvolvemos unha metodoloxía práctica e participativa. Partimos de acordos verbais previos e exposicións de ideas.
- As reunións celebráronse baixo un marco de diálogo e abertas a compartir experiencias de todos os membros do grupo.
- Combinamos as sesións destinadas ao estudo e análise dos materiais ofrecidos na Aula Aberta Abalar, xunto con sesións prácticas para a experimentación, derivadas do coñecemento adquirido

O2506200-PFPP O2531102 Seminario. Diseñando con Polos Creativos

Curso Axustes Participantes Cualificacións Informes Máis ▾

▼

Contraer todo



PFPP do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro
2025/2026



Neste curso reflectimos todo o traballo realizado ao longo do curso 2025/2026 en relación ao seminario de traballo **titulado "O2506200 Diseñando con Polos Creativos"** que estamos a desenvolver dentro do PFPP do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.

<https://centros.edu.xunta.gal/ceipmanuelsueiro/aulavirtual/course/view.php?id=208>

6. ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS EMPREGADOS E MATERIAIS.

6.1. Persoais:

- Contamos co compromiso de colaboración de todos os seus membros.
- A coordinadora de polos creativos que foi a relatora do curso de formación.

6.2. Materiais:

- Foron precisos os seguintes recursos materiais:
- Ordenadores e canón proxector.
- Un encerado dixital interactivo.
- Memorias USB.
- Diverso material funxible: papel, cartolinas, ceras, pinturas, plásticos.
- Cámara de fotos, escáner, móbiles, Pilas, cinta condutora, leds, parede croma, micros bluetooth, tablets, placas tecla-tecla, portátiles.

7. TEMPORALIZACIÓN.

Seguimos a temporalización prevista no proxecto inicial e que foi a seguinte

DATA	ACTIVIDADE	HORAS	LUGAR
20/11/2025	Estudo e reflexión do proxecto	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
24/11/2025	Proxectar actividades para levar a cabo nas formacións.	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
09/12/2025	Docencia: Introducción á cortadora láser Mr. Bean.	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
16/12/2025	Docencia: Impresora 3D.	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
13/01/2026	Taller de entroido.	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
23/02/2026	Creación do agasallo 8M. (T.I.)	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
24/02/2026	Avaliación, memoria e dossier na AV do centro	2	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.

8. PROCESOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS.

Como xa expuxemos anteriormente, a realización deste proxecto, de formación no centro, tivo para nós un balance moi positivo. Para a súa avaliación realizamos unha avaliación conxunta e outra individualizada

8.1. Avaliación conxunta.

Unha vez rematado o traballo, fixemos a valoración do funcionamento e organización do desenvolvemento do grupo de traballo:

O grao de participación e intercambio de experiencias entre os compoñentes do grupo.

Valoramos unanimemente dun xeito moi positivo este apartado xa que o grado de colaboración e participación de todos os membros foi moi alto na práctica totalidade das actividades propostas.

O seguimento e a adecuación da temporalización prevista. Intentamos respectar os tempos establecidos para cada tema e a orde establecida na primeira reunión do grupo.

O nivel de satisfacción en relación ao coñecemento das ferramentas propias do proxecto, así como ao de boas prácticas consideramos que cubriu amplamente as nosas expectativas iniciais.

8.2. Avaliación individualizada.

Para a realización desta actividade cada un dos membros do equipo cubriu unha enquisa de xeito individualizado. Resultados:

ENQUISA SOBRE O FUNCIONAMENTO DO SEMINARIO
<p>Valor das puntuacións para as preguntas da enquisa: MOI POUCO (1) / POUCO (2)/ SUFICIENTE (3 / BASTANTE (4) / MOITO (5)</p>

I.- ÁMBITO INDIVIDUAL: repercusión no propio desenvolvemento persoal e profesional.

	BRANCO	MEDIA	MODA
O meu progreso no proceso formativo en relación co tema foi	0	5	5
O meu grao de satisfacción co traballo desenvolvido é	0	5	5
A formación acadada repercutiu no meu traballo diario	0	5	5
O compromiso coa miña propia formación foi	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

MEMORIA GRUPO DE TRABAJO O2506200
DESEÑANDO CON POLOS CREATIVOS. 2025-2026

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

II.- ÁMBITO GRUPAL: repercuteu na mellora da dinámica de traballo en grupo concretamente:

	BRANCO	MEDIA	MODA
Na mellora de toma de decisións consensuadas	0	5	5
No establecemento dun clima relacional positivo , gratificante	0	5	5
Na mellora de estratexias de traballo colaborativo	0	5	5
No compromiso co grupo	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

MEMORIA GRUPO DE TRABAJO 02506200
DESEÑANDO CON POLOS CREATIVOS. 2025-2026

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

III.- ÁMBITO INSTITUCIONAL: repercusión na mellora da educación que se imparte no centro.

	BRANCO	MEDIA	MODA
Os acordos e as conclusións obtidas vanse pondo en práctica	0	5	5
Axudou a establecer no centro dinámicas de reflexión e detección de ámbitos de mellora. de forma autónoma	0	5	5
As expectativas de mellora da calidade do ensino no centro, en relación co tema tratado, cumpríronse	0	5	5
Os obxectivos conseguíronse	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

MEMORIA GRUPO DE TRABAJO O2506200
DESEÑANDO CON POLOS CREATIVOS. 2025-2026

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

IV.- O ASESORAMENTO E APOIO POR PARTE DO CENTRO DE FORMACIÓN

	BRANCO	MEDIA	MODA
Deu resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

V.- A DOCENCIA RECIBIDA resultou

	BRANCO	MEDIA	MODA
Adecuada para dar resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

ORGANIZACIÓN

Debería mellorarse:
Ampliar a formación sobre o emprego de ferramentas de autor.
O que estivo ben foi:
<ul style="list-style-type: none">• Os contidos traballados.• Facilitar os titoriais e documentación no curso da aula virtual. A coordinación entre os membros do Grupo de Traballo.• A coordinación coa Asesora do CFR de Ourense.

9. CONCLUSIÓN. LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO.

Despois de todo o manifestado ao longo desta memoria, só nos queda engadir que nos sentimos bastante orgullosos e satisfeitos do traballo realizado, pois consideramos que foi de moita utilidade para o desenvolvemento da nosa labor educativa futura, máxime tendo en conta á nova situación educativa que se espera nun futuro próximo.

Entendemos que a participación no proxecto **Polos creativos** vai xogar un papel importante na mellora do emprego das TICs no proceso de ensino e aprendizaxe e no funcionamento do centro, repercutindo de maneira importante na calidade educativa que estamos a ofrecer. Os mestres debemos seguir adquirindo confianza e dominio co traballo coas TIC para transmitir a nosa experiencia ao alumnado para ensinalos a usar as TAC para aprender.

O alumnado prefire traballar de forma interactiva, creativa e colaborativa no aula de forma que os seus traballos sexan máis reais e visibles, de aí a importancia que lle demos á participación neste proxecto co alumnado do centro.

Por outra banda, a integración das TIC no ámbito educativo é un proceso individual que cada mestre ten que descubrir por si mesmo, procurando realizala sempre coa axuda de mestres xa experimentados.

Vistos os resultados acadados, para o próximo curso continuaremos dando forma a este grupo de traballo, dentro dun novo PFPP do centro, porque a pesar de que melloramos as nosas competencias, debemos afianzar e afondar nos coñecementos adquiridos.

Non hai máis que ver a transformación física e funcional que segue a ter o noso centro nestes últimos anos para darse conta de que merece a pena o aventurarse nesta experiencia formativa de case todo o claustro de mestres do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.

10. RELACIÓN DETALLADA DE MATERIAS DIDÁCTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENVÍAN.

- Material en soporte informático
- Materiais elaborados. Non existe elaboración de materias didácticos xa que o desenvolvemento do grupo de traballo estivo destinado a experimentar cos Polos Creativos.
- Todo o traballo realizado ao longo do curso está reflectido na nosa aula virtual nun curso que creamos para o Grupo de traballo.



The screenshot shows a course page with the title "O2506200-PFPP O2531102 Seminario. Diseñando con Polos Creativos". Below the title are navigation tabs: "Curso", "Axustes", "Participantes", "Cualificacións", "Informes", and "Máis". A green button in the center reads "PFPP do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro 2025/2026". Below the button, there is a paragraph of text: "Neste curso reflectimos todo o traballo realizado ao longo do curso 2025/2026 en relación ao seminario de traballo titulado 'O2506200 Diseñando con Polos Creativos' que estamos a desenvolver dentro do PFPP do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro."

<https://centros.edu.xunta.gal/ceipmanuelsueiro/aulavirtual/course/view.php?id=208>

Ourense, a 7 de maio de 2026

A Coordinadora.

Asdo: Patricia Diaz Freire.

